

Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural
Ribeira Sacra-Courel
Avda. Galicia s/n. Rubián
27350 Bóveda
Lugo

Asunto: Remisión da copia da resolución pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Achégase copia da resolución citada no encabezamento, referida á aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como das limitacións sectoriais, correspondente á Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR “Asociación de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel”, seleccionada polo Acordo do Conselle de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



Presidente do GDR 6 "Asociación de desenvolvemento rural Ribeira Sacra-Courel"

Avda Galicia s/n Rubián

27350 Bóveda

Lugo

RESOLUCIÓN pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procede á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 25 de xaneiro de 2017. A versión consolidada dos mesmos xúntase a esta resolución como anexo I.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban as normas de xestión da estratexia que figuran como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



ANEXO I

VII.- NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA

Durante o proceso de deseño da estratexia de desenvolvemento os axentes do territorio a vista das limitacións máximas de fondos para a aplicación da mesma, cun orzamento máximo de 5.000.000 € por candidatura, e a vista das expectativas para a posta en marcha de novas iniciativas con cargo ao novo programa Leader, levou a planificar a estratexia para o GDR Ribeira Sacra-Courel co escenario orzamentario mais favorable, e dicir, considerando recibir o máximo establecido nas bases da convocatoria por Agader, esto son os 5.000.000 €.

A experiencia na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013 do GDR Ribeira Sacra, en cuxa estrutura técnica e organizativa se baseou a organización e planificación desta nova estratexia para a xestión dun novo programa Leader, xa que os oito concellos que formaban parte do GDR Ribeira Sacra están integrados agora no GDR Ribeira Sacra-Courel, levou a asumir por parte dos socios do GDR Ribeira Sacra-Courel e por parte dos axentes do territorio, que o novo programa Leader que se puidera xestionar estaría dotado de poucos fondos. Isto e así posto que no Leader 2007-2013 o GDR Ribeira Sacra rematou cun nivel de gasto superior aos 4.500.000 € de axudas públicas en oito concellos, e agora, con 13 concellos no GDR Ribeira Sacra-Courel, entre os que se atopan os mesmos oito que xa estaban no GDR Ribeira Sacra, dispoñerán como máximo 5.000.000 € de fondos públicos.

Polo tanto, **as normas de xestión da estratexia do GDR Ribeira Sacra-Courel estarán condicionadas pola baixa dotación orzamentaria coa que contará o programa Leader (máximo 5.000.000 €) e polos numerosos concellos que forma parte do GDR, 13, xa que dificilmente se poderá promover, de media, un proxecto empresarial e un proxecto non empresarial ao ano en cada concello.**



Cunha previsión de orzamento total do programa Leader do GDR Ribeira Sacra-Courel de 5.000.000 €, os fondos que se poderán destinar ao financiamento da estratexia ascenderán a 4.000.000 €, xa que o 25% da estratexia (1.000.000 €) se destinaran aos gastos correntes e de animación.

Como na estratexia do GDR Ribeira Sacra-Courel **acordouse destinar o 65% para proxectos produtivos, o 32,5 % para proxectos non produtivos e o 2,5% para proxectos de formación**, as cantidades resultantes coa previsión de recibir o máximo de fondos posibles (5.000.000 €), resultarían:

- 2.600.000 € para proxectos produtivos (65% da estratexia), como a previsión e de iniciar o programa no 2017 e ate o 2020, resultarían 650.000 €/ano de axudas públicas para proxectos produtivos, o que representaría en termo medio 50.000 €/ano de axuda para proxectos produtivos por concello do GDR.
- 1.300.000 € para proxectos non produtivos (32,5% da estratexia), coa previsión de iniciar o programa no 2017 e ate o 2020, resultarían 325.000 €/ano de axudas públicas para proxectos non produtivos, o que representaría en termo medio 25.000 €/ano de axudas para proxectos non produtivos por concello.

Este proxectos non produtivos dividiríase nun 80% para entidades públicas (1.040.000 €) e un 20% para as privadas (260.000 €). Este distribución de fondos realizouse sobre a base do nivel de execución de proxectos desta índole polo GDR Ribeira Sacra Courel onde dunha estimación inicial de destinar o 35% dos fondos, so se executaron un 22% (ao priorizar proxectos produtivos), dos cales soamente a iniciativa privada executou un 5%. Polo tanto, e a pesar de ser optimistas polas indicacións dos axentes do territorio, considerase que dota cun 20% para non produtivos privados debe ser mais que suficiente a vista da experiencia pasada.

- 100.000 € para proxectos de formación (2,5% da estratexia), neste caso ao ser proxectos a promover polo GDR, disporía iniciando a



súa actividade formativa no 2017, de 25.000 €/ano para actividades formativas.

Estas cantidades medias descritas, serviron como referencia aos axentes do territorio e os socios do GDR, para tomar as medidas e as normas de xestión do programa, co **obxectivo** de tentar acadar un grado de desenvolvemento de todo o territorio, e dicir, **contribuír ao desenvolvemento de proxectos en todo o territorio dunha forma equilibrada.**

VII.1 LIMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA

A.- Proxectos de natureza produtiva:

a.1 A porcentaxe de axuda máxima sitúase no 50% do investimento aprobado.

a.2 Establecese con carácter xeral unha limitación máxima de 120.000 € de axuda por proxecto.

a.3 Este importe poderá ascender a 150.000 € de axuda por proxecto si o proxecto supón a creación de polo menos 2 novos postos de traballo (2 utas)

B.- Proxectos de natureza non produtiva:

b.1 A porcentaxe de axuda máxima sitúase en:

- 90% para proxectos de prioridade alta,
- 70% para proxectos de prioridade media,
- 50% para proxectos de prioridade baixa



b.2 Establecese unha limitación máxima de 80.000 € de axuda por proxecto non produtivo promovido por entidades públicas, independentemente da prioridade na que se enmarque dito proxecto: prioridade alta, media ou baixa.

b.3 Establécese unha limitación máxima de 30.000 € de axuda por proxecto non produtivo promovido por entidades públicas, independentemente da prioridade na que se enmarque dito proxecto: prioridade alta, media ou baixa.

b.4 Establécese unha limitación de 8.000 € de axuda máxima por proxecto para as seguintes tipoloxías:

- .- páxinas web,
- organización de congresos e xornadas para a divulgación dos recursos do territorio (patrimoniais, etnográficos, xeolóxicos, mineiros, históricos, culturais, arqueolóxicos, etc.)
- organización de eventos e actividades deportivas
- organización de eventos culturais e/ou recreativos
- participación en certames e feiras

VII.2 CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

Con carácter xeral para que un proxecto poda ser seleccionado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar localizados no ámbito xeográfico do GDR Ribeira Sacra, dentro do territorio elixible aos efectos do programa Leader.
- b) Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude de axuda diante o GDR.



O persoal do GDR comprobará este requisito mediante a realización dunha acta de non inicio durante a fase de revisión da solicitude de axuda.

Se o investimento consiste exclusivamente na compra de maquinaria e/ou equipamento, non será necesario acreditar que o proxectos non está iniciado.

- c) Ser finalistas, e dicir, que na data da xustificación final dos investimentos subvencionados, cumpran os obxectivos e funcións para os que se lles concedeu a axuda.
- d) Axustarse a normativa sectorial que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- e) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente. Ademais esixirase que os investimentos teñan un VAN positivo a cinco anos, e unha TIR superior ao dobre do tipo de interese legal do diñeiro.
- f) Adecuación do proxecto a estratexia definida no programa de desenvolvemento do GDR Ribeira Sacra-Courel.
- g) Cumprir as seguintes limitacións sectoriais:

g.1 SECTOR SERVIZOS:

Só se subvencionará novas empresas do sector servizos en núcleos de poboación onde non existan no momento da solicitude axuda (*segundo nomenclator do IGE*), e con informe do secretario municipal sobre a inexistencia de dita actividade no núcleo onde se pretende desenvolver dito novo servizo, e se subvencionará as melloras e/ou as ampliacións das empresas de servizos existentes, inclusive o uso de enerxías renovables ou as melloras de eficiencia enerxética como forma de consolidar o emprego en ditas actividades (A mellora da eficiencia enerxética deberá quedar acreditada mediante informe emitido por técnico cualificado ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custes derivados da mellora da eficiencia enerxética deberá acadar un mínimo do 40%).

g.2 SECTOR COMERCIO POLO MIÚDO.-

Apoiarase con carácter xeral o comercio polo miúdo, o criterio que se establecerá para a subvencións para o comercio polo miúdo será:



- para os de nova creación, que non exista no núcleo de poboación (segundo nomenclator do IGE) onde se pretende desenvolver o proxecto unha actividade similar, mediante certificación do secretario do concello sobre a inexistencia de dita actividade.

- para os comercios existentes, axudarase aos investimentos conducentes as melloras ou ampliacións das instalacións, o uso de enerxías renovables ou as melloras de eficiencia enerxética (A mellora da eficiencia enerxética deberá quedar acreditada mediante informe emitido por técnico cualificado ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custos derivados da mellora da eficiencia enerxética deberá acadar un mínimo do 40%).

- Tamén para os comercios polo miúdo existentes, e como excepcionalidade ao primeiro criterio, permitírase a diversificación da actividade como complemento a outra actividade aínda que xa exista no núcleo a actividade cara a que diversifica o negocio co seguinte condicionante: débense desenvolver as dúas ou mais actividades nun mesmo local, aínda que diferenciadas as actividades dentro do mesmo, e as actividades deben manterse durante o prazo de mantemento dos investimentos subvencionados polo programa Leader da actividade cara a que diversifica. (por exemplo unha zapatería que diversifica o negocio a mercería, aínda que exista no núcleo unha mercería, subvencionaríase o proxecto de diversificación sempre que as dúas actividades se desenvolvan nun mesmo local, aínda que perfectamente separadas as distintas zonas de actividade, e manteña a actividade de zapatería e a nova de mercería durante o prazo establecido polas axudas leader recibidas para a actividade de mercería)

Neste punto destacar o desexo de xurdimento de iniciativas para a comercialización e venda de produtos agroalimentarios locais, ven nas propias explotacións (por exemplo adegas) ou ben como de venda xeral de produtos agroalimentarios do territorio, este tipo de establecementos serán subvencionados en todos os concellos como excepción a norma anteriormente descrita.



Para a consideración de proxectos de venda de produtos agroalimentarios locais estableceuse os seguintes requisitos:

- Por produto agroalimentario local enténdese aquel produto que se elabore ou produza nalgún concello do GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Cando a venda de produtos agroalimentarios locais se realice dentro dunha explotación agroalimentaria, como mínimo deberá dispoñer de dous produtos agroalimentarios locais a venda a maiores dos producidos ou elaborados na propia explotación.
- Cando a venda de produtos agroalimentarios locais se realice fora dunha explotación agroalimentaria: como mínimo deberá dispoñer de seis produtos locais a venda, entre os que se deben atopar as seguintes referencias: mel, aceite, viño, produto de panadaría ou repostaría, produto elaborado de carnicería, e produto lácteo. Ademais, a superficie da zona expositiva para a venda de produtos locais deberá representar polo menos o 30 % do total da superficie expositiva do local

Serán nos plans de empresa dos proxectos onde se describan e detallen os diferentes produtos locais e produtores de orixe que se incluírán en ditos proxectos

g.3 LOCAIS SOCIAIS.-

No territorio, a priori, so estará prevista a creación de locais sociais nos seguintes núcleos e de poboación, logo das consultas realizadas aos axentes do territorio, e especialmente ao representantes dos 13 concellos.

Bóveda: Rubian

Folgo do Courel: Mostad, Sobreiro, Parada e Vilamor

O Incio: Martín



Monforte de Lemos: A Parte, Fiolleda, Guntín, Rozabales, Moreda e Sindrán

A Pobra do Brollón: Castroncelos e Vilacha

Ribas de Sil: Figueiredo e Rairos

Triacastela: Vilar

Nos locais sociais que xa existan na actualidade o GDR permitirá subvencionar melloras que se realicen nas instalacións sempre que supoñan a dotación dun novo servizo e/ou equipamento. Considerase que un local social existente debера xa contar con cadeiras, mesas, auga, luz e aseos, polo que este tipo de equipamento non será subvencionable nos locais xa existentes. Terá que ser un novo equipamento para poder utilizar os locais sociais con outra función/finalidade que non se podía realizar ate o momento, ou ben para a prestación e organización doutras actividades que non impliquen una alta de actividade económica: por exemplo adecuar parte local para atención a nenos e/ou persoas maiores, punto de información turística, cineclubes.

Unha vez superados os requisitos anteriores, procederase a baremación dos proxectos atendendo a súa natureza, produtiva ou non produtiva.

VII.2.1 BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS

VII.2.1.1 BAREMO

O baremo para a avaliación dos proxectos produtivos axustarase ao seguinte esquema.

I. En función da **localización do proxecto**, ate un máximo de 35 puntos, de acordo cos seguintes criterios:



Nota: no caso de proxectos que se executen en varios concellos terase en conta o criterio de localización mais favorable para o proxecto

a) **Renda Dispoñible bruta por habitante** (RDBH, datos IGE 2009) ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha RBDH inferior a 11.000 € (Sober): 5 puntos

Concellos cunha RBDH situada entre 11.000 € e menor de 12.000 € (Folgozo do Courel, Incio, As Nogais, Pantón, Saviñao): 4 puntos

Concellos cunha RBDH situada entre 12.000 € e 13.000 € (Bóveda, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil): 3 puntos

Concellos cunha RBDH superior a 13.000 € (Monforte de Lemos, Samos, Triacastela): 1 punto

b) **Taxa de evolución interanual de poboación do concello**, segundo datos do IGE/INE para o período 2004-2014, ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha caída da poboación igual ou superior ao 24% (A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Samos): 5 puntos

Concellos cunha caída da poboación situada entre o 20% e menor do 24% (Folgozo do Courel, O Incio, Monforte de Lemos): 3 puntos

Concellos cunha caída da poboación situada entre o 16 % e menor do 20% (As Nogais, Saviñao, Sober): 2 puntos

Concellos cunha caída da poboación inferior ao 16% (Bóveda, Pantón, Quiroga, Triacastela): 1 punto



c) **Densidade de poboación por concello** (habitantes 2014 segundo IGE/Km² superficie), ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha densidade de poboación inferior ao 12% (Folgozo do Courel, As Nogais, A Pobra do Brollón, Quiroga, Samos): 5 puntos

Concellos cunha densidade de poboación situada entre o 12% e inferior ao 16 % (O Incio, Monforte de Lemos, Ribas de Sil, Triacastela): 4 puntos

Concellos cunha densidade de poboación situada entre o 16 % e inferior ao 20% (Bóveda, Pantón, Sober): 3 puntos

Concellos cunha densidade de poboación igual ou superior ao 20% (O Saviñao): 1 punto

d) **Nivel de envelhecimento** (poboación maior de 65 anos entre poboación total segundo datos do IGE 2015), ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cun índice maior do 44% (O Incio, Pantón, A Pobra do Brollón, Sober): 5 puntos

Concellos cun índice maior do 42 % e ate o 44% (Folgozo do Courel): 4 puntos

Concellos cun índice entre o 40% e o 42% (Ribas de Sil, Samos, O Saviñao): 3 puntos

Concellos cun índice menor do 40 % (Bóveda, Monforte de Lemos, As Nogais, Quiroga, Triacastela): 1 punto



e) Poboación elixible para o programa leader de cada concello (segundo datos do IGE 2014 e INE 2014) ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos con poboación ate 1000 habitantes (Triacastela): 5 puntos

Concellos con poboación entre 1001 e 2000 habitante (Bóveda, Folgoso do Courel, O Incio, As Nogais, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Samos): 4 puntos

Concellos con poboación entre 2001 e 3000 habitantes (Monforte de Lemos, Pantón, Sober): 3 puntos

Concellos con poboación superior a 3001 habitantes (Quiroga, O Saviñao): 1 punto

f) Porcentaxe de superficie de cada concello en Rede Natura (datos consellería medio Ambiente Territorio e Infraestruturas 2013), ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha porcentaxe do 60 % ou superior (Folgoso do Courel): 5 puntos

Concellos cunha porcentaxe entre o 40% e menor do 60% (Samos): 4 puntos

Concellos cunha porcentaxe entre o 20% e menor do 40% (As Nogais, Quiroga, Triacastela): 3 puntos

Concellos cunha porcentaxe entre o 0,01 e menor do 20% (Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Sober): 1 punto

g) Proxectos que se desenvolvan en zona de montaña segundo a definición que resulta do PDR de Galicia 2014-2020 (Folgoso do Courel, O Incio, As Nogais, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos e Triacastela): 5 puntos



II. Características do promotor, máximo 10 puntos.

Proxectos promovidos por mulleres ou persoas xurídicas cuxas persoas socias sexan mulleres nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do capital social: 5 puntos

Proxectos promovidos por menores de 35 anos, ou persoas xurídicas cuxas persoas socias sexan menores de 35 anos nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do capital social: 5 puntos

Proxectos promovidos por persoas con discapacidade ou persoas xurídicas cuxas persoas socias sexan persoas con discapacidade nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do capital social: 5 puntos

Proxectos promovidos por persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan por primeira vez unha iniciativa empresarial: 5 puntos

III. Proxectos desenvolvidos nos seguintes ámbitos: 10 puntos

- Comercialización e/ou transformación de produtos agrarios ou forestais. Considerarase como produtos agrarios os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os de pesca. Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85% das materias primas utilizadas para a transformación estén incluídas no citado anexo I do Tratado.
- Servizos sociais e asistenciais.
- Artesanía. Acreditado coa carta de artesanía.
- Prestación de servizos y/o actividades turísticas.
- Diversificación de actividade empresarial, acreditado cunha nova alta de IAE/CNAE.
- Proxectos en I+D+i. Enténdese por actividade de I+D+i aquela que está relacionada coa realización, preparación, impulso, xestión, internacionalización e apoio técnico a la I+D+i, sempre que participe un centro de investigación incluíndo, en particular:



- Proxectos de investigación fundamental, de investigación industrial ou desenvolvemento experimental.
- A realización de proxectos de innovación en produtos, procesos e organización.
- A construción e mellora das propias infraestruturas de I+D+I, así como o apoio técnico e soporte a I+D+I, incluído o manexo de equipos, instalacións e demais infraestruturas de I+D+I.
- A xestión da I+D+I, incluíndo as actividades de transferencia e valorización do coñecemento, e o asesoramento para proxectos ou programas internacionais nese ámbito.
- A promoción e o fomento da I+D+I, así como o impulso da creación e desenvolvemento de empresas de base tecnolóxica.
- O desenvolvemento e preparación de propostas para a participación nos programas e proxectos internacionais de I+D+I e da Unión Europea, en particular do Programa Marco de I+D+I da Unión Europea (Horizonte 2020)

IV. Características dos proxectos: ate un máximo de 45 puntos, de acordo cos seguintes criterios.

Aos efectos deste baremo considerase que:

Existe creación de emprego cando, unha vez finalizados os investimentos do proxecto Leader subvencionado se creen polo menos 0,25 UTA con respecto a media de traballadores (medidos en UTA) do ano inmediatamente anterior a data de presentación da solicitude de axuda Leader diante o GDR por parte do promotor do proxecto subvencionado.

a) **Creación de emprego**, segundo o rateo investimento elixible/emprego creado (en UTAS), ate un máximo de 12 puntos de acordo cos seguintes tramos:

Rateo inferior ou igual a 40.000 : 12 puntos

Rateo maior de 40.000 e menor de 80.000: 8 puntos

Rateo situado entre 80.000 e 120.000: 6 puntos

Rateo maior de 120.000: 3 puntos



b) **Contratación colectivos desfavorecidos** (discapacitados, mulleres, xovenes menores de 35 anos, perceptores risga, inmigrantes, parados longa duración): ate un máximo de 5 puntos de acordo aos seguintes tramos:

Contratación de colectivos desfavorecidos e igual ou maior ao 50% do total de utas creadas: 5 puntos

Contratación de colectivos desfavorecidos superior ao 20% ou menor do 50% do total de utas creadas: 2 puntos.

c) **Mantemento do emprego**, segundo o rateo investimento elixible/emprego a manter en utas, ate un máximo de 12 puntos de acordo aos seguintes tramos:

Rateo inferior ou igual a 30.000 : 12 puntos

Rateo maior de 30.000 e menor de 70.000: 8 puntos

Rateo situado entre 70.000 e 110.000: 6 puntos

Rateo maior de 110.000: 3 puntos

d) **Incidencia medioambiental**, ate un máximo de 6 puntos acumulables

d.1 Utilización de enerxías renovables e/ou mellora de eficiencia enerxética na execución do proxecto subvencionable, medido segundo o investimento que representan en relación ao total do investimento subvencionable do proxecto

Investimento igual ao 1,00% e inferior ao 2,00 %: 2 puntos

Investimento igual ou superior ao 2,00%: 4 puntos

A mellora da eficiencia enerxética deberá quedar acreditada mediante informe emitido por técnico cualificado ou dunha auditoría enerxética.

A redución dos custes derivados da mellora da eficiencia enerxética deberá acadar un mínimo do 40%.



d.2 O investimento está localizado en polígonos empresariais: 3 puntos

d.3 Rehabilitación versus nova construción: 2 puntos

e) Proxecto procedente dun viveiro de empresas, escola de negocios o centros coworking público ou privado, acreditado co certificado da entidade correspondente 5 puntos

f) Dispor dalgunha das seguintes certificacións expedidas por unha entidade de certificación acreditada na ENAC e/ou dispor da marca galega de excelencia en igualdade (artigo 28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro; DOG núm. 35, do 19 de febreiro), 5 puntos

- Certificación en sistemas de xestión de calidade.
- Certificación en sistemas de xestión ambiental.
- Certificación en xestión da responsabilidade social.

VII.2.1.2 CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DE PORCENTAXES DE AXUDA (proxectos produtivos).

Da puntuación máxima que se pode acadar co baremo de proxectos produtivos (100 puntos), 65 puntos correspóndense a criterios directamente relacionados co proxecto e as características do promotor, sendo 35 puntos os que se correspondente a criterios xeográficos.

O GDR establece como requisito para subvencionar un proxecto produtivo que se acaden como mínimo 20 puntos nos criterios directamente relacionados coas características do proxecto e promotor (apartados II, III e IV do baremo de proxectos produtivos).



Esta **puntuación mínima de 20 puntos** nesas apartados, corresponderase cunha **porcentaxe de axuda mínima do 30 %**.

O GDR tamén establece que aquel proxecto que acade unha puntuación total no baremo de **60 puntos** (dos cales polo menos 20 sexan obtidos nos ítems II, III e IV) corresponderalle a **porcentaxe de axuda máxima do 50%**.

As porcentaxes de axuda **entre o mínimo do 30% e o máximo do 50%**, calcularase engadindo **0,5% de axuda por cada punto adicional que acade o proxecto por riba dos 20 puntos mínimos** que debe obter todo proxecto empresarial nos ítems II, III e IV do baremo de proxectos produtivos.

VII.2.2 BAREMO PROXECTOS NON PRODUTIVOS

VII.2.1.1 BAREMO

O baremo para a avaliación dos proxectos non produtivos axustarase ao seguinte esquema.

I. En función da **localización do proxecto**, ate un máximo de 35 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

Nota: no caso de proxectos que se executen en varios concellos terase en conta o criterio de localización mais favorable para o proxecto

a) **Renda Dispoñible bruta por habitante** (RDBH, datos IGE 2009) ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha RBDH inferior a 11.000 € (Sober): 5 puntos

Concellos cunha RBDH situada entre 11.000 € e menor de 12.000 € (Folgozo do Courel, Incio, As Nogais, Pantón, Saviñao): 4 puntos

Concellos cunha RBDH situada entre 12.000 € e 13.000 € (Bóveda, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil): 3 puntos

Concellos cunha RBDH superior a 13.000 € (Monforte de Lemos, Samos, Triacastela): 1 punto



b) Taxa de evolución interanual de poboación do concello, segundo datos do IGE/INE para o período 2004-2014, ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha caída da poboación igual ou superior ao 24% (A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Samos): 5 puntos

Concellos cunha caída da poboación situada entre o 20% e menor do 24% (Folgozo do Courel, O Incio, Monforte de Lemos): 3 puntos

Concellos cunha caída da poboación situada entre o 16 % e menor do 20% (As Nogais, Saviñao, Sober): 2 puntos

Concellos cunha caída da poboación inferior ao 16% (Bóveda, Pantón, Quiroga, Triacastela): 1 punto

c) Densidade de poboación por concello (habitantes 2014 segundo IGE/Km² superficie), ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha densidade de poboación inferior ao 12% (Folgozo do Courel, As Nogais, A Pobra do Brollón, Quiroga, Samos): 5 puntos

Concellos cunha densidade de poboación situada entre o 12% e inferior ao 16 % (O Incio, Monforte de Lemos, Ribas de Sil, Triacastela): 4 puntos

Concellos cunha densidade de poboación situada entre o 16 % e inferior ao 20% (Bóveda, Pantón, Sober): 3 puntos

Concellos cunha densidade de poboación igual ou superior ao 20% (O Saviñao): 1punto



d) **Nivel de envelhecimento** (poboación maior de 65 anos entre poboación total segundo datos do IGE 2015), ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cun índice maior do 44% (O Incio, Pantón, A Pobra do Brollón, Sober): 5 puntos

Concellos cun índice maior do 42 % e ate o 44% (Folgozo do Courel): 4 puntos

Concellos cun índice entre o 40% e o 42% (Ribas de Sil, Samos, O Saviñao): 3 puntos

Concellos cun índice menor do 40 % (Bóveda, Monforte de Lemos, As Nogais, Quiroga, Triacastela): 1 punto

e) **Poboación elixible para o programa leader de cada concello** (segundo datos do IGE 2014 e INE 2014) ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos con poboación ate 1000 habitantes (Triacastela): 5 puntos

Concellos con poboación entre 1001 e 2000 habitante (Bóveda, Folgozo do Courel, O Incio, As Nogais, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Samos): 4 puntos

Concellos con poboación entre 2001 e 3000 habitantes (Monforte de Lemos, Pantón, Sober): 3 puntos

Concellos con poboación superior a 3001 habitantes (Quiroga, O Saviñao): 1 punto



f) **Porcentaxe de superficie de cada concello en Rede Natura** (datos consellería medio Ambiente Territorio e Infraestruturas 2013), ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

Concellos cunha porcentaxe do 60 % ou superior (Folgo do Courel): 5 puntos

Concellos cunha porcentaxe entre o 40% e menor do 60% (Samos): 4 puntos

Concellos cunha porcentaxe entre o 20% e menor do 40% (As Nogais, Quiroga, Triacastela): 3 puntos

Concellos cunha porcentaxe entre o 0,01 e menor do 20% (Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Sober): 1 punto

g) **Proxectos que se desenvolvan en zona de montaña** segundo a definición que resulta do PDR de Galicia 2014-2020 (Folgo do Courel, O Incio, As Nogais, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos e Triacastela): 5 puntos

II. Impacto sobre o territorio ate un máximo de 40 puntos, de acordo cos seguintes criterios

a) Incidencia sobre a mellora da calidade de vida sempre que as actuacións estean relacionadas coa dotación de servizos a poboación como servizos educativos, sociais, sanitarios, servizos de ocio, actividades deportivas, actividades culturais e recreativas, e sobre a promoción de hábitos de vida saudable e fomento de actividades ao aire libre. 35 puntos



- b) Incidencia medioambiental, imprescindible acreditar informe técnico correspondente xustificando a incidencia medioambiental: valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan unha incidencia medioambiental positiva ou ben contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes da zona (utilización sostible dos recursos endóxenos, contribución a biodiversidade e conservación de hábitats, xestión recursos hídricos, prevención de incendios (nin podas, nin desbroces, nin clareos, nin apertura ou mellora de pistas forestais), utilización enerxías renovables e/ou mellora da eficiencia enerxética co fin de contribuir a conservación do medio ambiente (A mellora da eficiencia enerxética deberá quedar acreditada mediante informe emitido por técnico cualificado ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custes derivados da mellora da eficiencia enerxética deberá acadar un mínimo do 40%), adaptación e mitigación do cambio climático e á necesidade dunha transición cara unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono): 20 puntos
- c) Proxectos que xeren, directamente, unha iniciativa empresarial e/ou profesional. Está iniciativa deberá acreditarse coa xustificación final dos investimentos 25 puntos
- d) Incidencia, directa, sobre determinados colectivos: Considerase que un proxecto ten incidencia directa sobre determinados colectivos cando a finalidade, obxectivos e/ou a actividade do proxecto está dirixida de forma directa e inequívoca aos colectivos que se describen a continuación, debendo acreditarse no plan de xestión do proxecto: cativos, mocidade, promoción igualdade entre home e muller, integración colectivos con dificultade, socialización e participación activa das persoas maiores, mellora habilidades sociais dos menores. 20 puntos



- e) Incidencia directa do proxecto sobre o sector turístico. Considerase si o obxecto do proxecto e a dotación dun servizo turístico ou contribúe ao fomento de actividades turísticas, tales como: miradoiros, zonas de baño, rehabilitación e/ou posta en valor de elementos do patrimonio (xeolóxico, arqueolóxico, patrimonial, histórico, cultural, etnográfico, mineiro), rutas sendeirismo, rutas BTT, organización de feiras e mercados sobre produtos agroalimentarios, artesanía (con carta de artesanía). 20 Puntos

III. Características do promotor. Máximo 25 puntos.

Cando o promotor do proxecto sexa unha entidade pública: ate 25 puntos de acordo cos seguintes criterios

- a) Aqueles proxectos cun ámbito de execución supramunicipal ou aqueles proxectos promovidos por entes ou organizacións supramunicipais, co fin de potenciar a vertebración comarcal do territorio. 10 puntos
- b) Aqueles proxectos no que se implique na súa execución a iniciativa empresarial privada (coa necesaria formalización dun convenio onde se detallen as funcións de cada entidade na execución do proxecto). 15 puntos

Cando o promotor do proxecto sexa unha entidade asociativa sen ánimo de lucro, ate 25 puntos de acordo cos seguintes criterios

- a) A implicación no proxecto de varias entidades asociativas (coa necesaria formalización dun convenio de colaboración onde se detallen as funcións de cada entidade na execución do proxecto). 15 puntos.



- b) A implicación no execución do proxecto da iniciativa empresarial privada (coa necesaria formalización dun convenio de colaboración onde se detallan as funcións de cada entidade na execución do proxecto). 10 puntos
- c) O peso de polo menos o 30% dos socios das entidades que promoven o proxecto de determinados colectivos (mulleres, mozos, persoas con discapacidade, inmigrantes). 10 Puntos.

VII.2.1.2 CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DE PORCENTAXES DE AXUDA (proxectos non produtivos).

Da puntuación máxima que se pode acadar co baremo de proxectos produtivos (100 puntos), 65 puntos correspóndense a criterios directamente relacionados co proxecto e as características do promotor, sendo 35 puntos os que se correspondente a criterios xeográficos.

O GDR establece como **requisito para subvencionar un proxecto produtivo que se acaden como mínimo 40 puntos no total do baremo.**

Aquel proxecto que acade a **puntuación mínima asignaráselle o 80% da subvención máxima correspondente** segundo a categoría na que se englobe o proxecto (de prioridade alta co 72% de axuda mínima; de prioridade media co 56% de axuda mínima; e de prioridade baixa co 40% de axuda mínima)

O GDR tamén establece que aquel proxecto que acade unha puntuación total no baremo de **60 puntos** (corresponderalle a **porcentaxe de axuda máxima do segundo a categoría na que se englobe o proxecto**

As porcentaxes de axuda **entre o mínimo e o máximo para cada tipoloxía de proxecto** (prioridade alta, media ou baixa) **calcularase mediante unha relación proporcional, axustada esa porcentaxe a dous decimais.**



VII.2.3. TRAMITACIÓN, SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

O GDR Ribeira Sacra-Courel para a tramitación e selección das solicitudes de axuda que se presente ao abeiro do programa Leader Galicia 2014-2020 establecerá un procedemento de concorrência competitiva coas seguintes consideracións:

- O GDR establecerá un **procedemento continuo de presentación de solicitudes de axuda** dende o inicio da súa actividade, co obxectivo de facilitar a tramitación de axudas por parte dos promotores, e para poder levantar canto antes as actas de non inicio dos investimentos que posibilite aos promotores que así o desexan poder executar os seus investimentos mentres agardan por ver se reciben ou non a axuda leader.
 - Todas as solicitudes de axuda presentadas serán avaliadas segundo os baremos de proxectos correspondente (produtivo ou non produtivo), elaborárase o correspondente Informe de Control de Elexibilidade (ICE) para a súa tramitación diante Agader.
 - Os prazos para a proposta de selección de proxectos serán os establecidos no réxime de axudas.
- a- Proxectos produtivos:
- ordenaranse os proxectos con ICE favorable segundo a puntuación obtida no correspondente baremo, de maior a menor puntuación.
 - Seguidamente **asígnanse as axudas Leader por orde de maior puntuación segundo a porcentaxe que corresponda a cada proxecto pola puntuación acadada no baremo produtivo**, ate esgotar o crédito da anualidade vixente



- En caso de empate entre dous ou mais proxectos produtivos, o criterio que seguirá o GDR para ordenar estes proxectos será atendendo aos seguintes criterios por orde ate desfacer o empate:
 - 1.- Rateo Investimento elixible/postos de traballos a crear: ordenaranse os proxectos empatados segundo este rateo de menor a maior. De persistir empate entre os proxectos, pasarase a aplicar o criterio 2.
 - 2.- Rateo Investimento elixible/mantemento do emprego: ordenaranse os proxectos empatados segundo este rateo de menor a maior. De persistir empate entre os proxectos, pasarase a aplicar o criterio 3.
 - 3.- Data de rexistro da solicitude de axuda: ordenaranse os proxectos empatados segundo a data de presentación da solicitude de axuda, de maior antigüidade a menor.

b- Proxectos non produtivos:

Para a selección de priorización dos proxectos non produtivos, o procedemento para a selección de proxectos será segundo a orde de puntuación acadada no baremo de proxectos non produtivos.

No caso dos proxectos non produtivos ordenaranse segundo a puntuación obtida no baremo, de maior a menor, e segundo tipoloxía de proxectos, primeiro os de prioridade alta, seguido dos da media e da baixa.



En caso de empate entre dous ou mais proxectos en cada categoría de priorización de proxectos, procederase a desfacer dito empate (aos efectos de ordenación), segundo os seguintes criterios:

- 1.- Puntuación obtida no criterio de impacto sobre o territorio: ordenaranse os proxectos empatados de maior a menor puntuación neste ítem. De persistir o empate entre os proxectos, pasarase a aplicar o criterio 2.
- 2.- Puntuación obtida no criterio de localización do proxecto: ordenaranse os proxectos empatados de maior a menor puntuación neste ítem. De persistir o empate entre os proxectos, pasarase a aplicar o criterio 3.
- 3.- Data de rexistro da solicitude de axuda: ordenaranse os proxectos empatados segundo a data de presentación da solicitude de axuda, de maior antigüidade a menor.

Unha vez ordenados todos os proxectos, e desfeitos os empates existentes, iniciarase a asignación das axudas Leader os proxectos de prioridade alta

Si unha vez asignadas a axudas aos proxectos de prioridade alta existen dispoñibilidades orzamentarias na anualidade, continuarase a asignación de axudas para os proxectos de prioridade media.

Si unha vez asignadas as axudas aos proxectos de prioridade medida, existen dispoñibilidades orzamentarias na anualidade, continuarase a asignación de axudas aos proxectos de prioridade baixa.

Este procedemento de asignación das axudas aos proxectos non produtivos realizarase de igual forma para proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas como para os proxectos promovidos pola iniciativa privada. Dado que existen dotacións orzamentarias diferentes para proxectos non produtivos públicos e



privados, non compiten entre si, e polo tanto realizarase dúas clasificacións dos proxectos produtivos segundo orde de maior puntuación e por tipoloxía de proxecto (prioridade alta, media ou baixa) para proxectos públicos e para proxectos privados.

VII.2.4. PROXECTOS NON PRODUTIVOS: ALTA, MEDIA OU BAIXA

Os proxectos non produtivos clasificaranse segundo a orde de prioridade sexa alta, media ou baixa segundo o acordado cos axentes sociais do territorio no deseño da estratexia segundo se describen a continuación:

Proxectos de PRIORIDADE ALTA:

- Que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar a poboación, integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas mallores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas.
- Que melloren a accesibilidade as tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no rural.
- Medioambientais, pola importancia e sinal de identidade do territorio co Medio Ambiente, proxectos de recuperación e posta en valor dos valores medioambientais do territorio: miradoiros; entornos fluviais; áreas de lecer en entornos naturais; centros de divulgación e interpretación dos recursos naturais do territorio; paisaxísticos; de divulgación e difusión mediante publicacións, organización de xornadas e congresos; e proxectos similares de incidencia directa sobre a posta en valor dos valores medioambientais do territorio.
- De valorización do patrimonio xeolóxico do territorio: patrimonio xeolóxico, mineiro, xeomorfolóxico, paleontolóxico, arqueolóxico.



- De valorización do Camiño do Inverno, proxectos que contribúan a dotar de servizos poñer en valor o camiño do Inverno. Para poder ser considerados como tal, os investimentos que se realicen para a súa posta en valor deberán estar localizados no mesmo camiño ou nunha distancia inferior a 300 metros.
- Organización de eventos e actividades deportivas en contacto co medio: carreiras populares, andainas, trails, raids, descenso de cañons, travesias, probas ciclistas e similares.
- Organización de actividades culturais e/ou recreativas

Proxectos de PRIORIDADE MEDIA:

- Actuacións de recuperación do patrimonio etnográfico, histórico, cultural
- Areas de lecer, fora de ámbitos naturais, e humanización de espazos públicos
- Prestación de servizos sociais
- Artesanía
- Posta en valor e difusión da gastronomía e produtos do territorio.
- Rutas de sendeirismo homologadas
- Rutas BTT
- Infraestruturas turísticas, como por exemplo áreas de descanso, areas de autocaravanas, puntos de información turística
- Participación en certames, eventos e feiras



Proxectos de PRIORIDADE BAIXA:

- Parques infantis
- Parques biosaudables
- Locais sociais
- Instalacións deportivas

VII.2.5. PROXECTOS DE ANIMACIÓN E PROMOCIÓN TERRITORIAL E DE FORMACIÓN

Os proxectos promovidos directamente polo GDR referidos a formación no marco da submedida 19.2 de “apoio a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local” e os proxectos de animación e promoción territorial correspondentes á submedida 19.4.B serán seleccionados a medida que se vaian verificando por parte de Agader. Así, unha vez verificados a xunta directiva do GDR propoñerá ao director xeral de Agader a concesión da axuda a cada un deste proxectos ate o esgotamento do crédito dispoñible en cada anualidade.

VII.3 MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA, CON ESPECIAL ATENCIÓN AOS PROCESOS DE TOMA DE DECISIONS E AOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN

Dentro da estratexia proposta para o territorio, un dos obxectivos que establece o GDR é o de mellora continua da eficacia, eficiencia, funcionamento, organización e representatividade do GDR. Isto xustifícase na medida en que se pretende acadar, por parte do GDR Ribeira Sacra-Courel, a **maior aceptación social** posible a través do coñecemento amplo da súa estrutura, funcionamento, obxectivos e representatividade, desta forma o GDR poderá converterse dunha maneira mais eficaz nun verdadeiro axente de dinamización territorial.



A consecución deste obxectivo esixe, entre outros, establecer os mecanismos que garantan os principios de colaboración, imparcialidade e ausencia de conflito de intereses, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. As normas de actuación do GDR serán, entre outras, as seguintes:

COLABORACIÓN

Cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertenzan ou non ao GDR, así como con outros GDR.

OBXECTIVIDADE

Mediante a aplicación aos proxectos das normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto

Este principio pretendese garantir a través dos seguintes procedementos.

Para a selección dos proxectos aplicarase un baremo único segundo o proxecto sexa produtivo ou non produtivo, elaborado e aprobado polo GDR o cal será público.

Para dar a maior difusión posible a obxectividade do GDR a hora de selección dos proxectos, establecerase os seguintes mecanismos:

- O baremo estará a disposición pública de xeito permanente no taboleiro de anuncios na sede do GDR.
- Remitirase a todos os concellos do GDR os baremos para a selección e priorización dos proxectos.



- Calquera promotor que solicite información para a presentación dunha solicitude de axuda entregáraselle copia do baremo correspondente polo que vai a ser avaliada o seu proxecto. Isto permitiralle aos promotores poder defender, argumentar e motivar os diferentes aspectos do seu proxecto que despois serán valorados.
- Esixirase aos promotores no momento da presentación da solicitude de axuda a firma dun modelo normalizado sobre o coñecemento e aceptación do baremo.
- Dentro do plan de difusión do programa leader e en relación as actividades de promoción e difusión do programa, o equipo técnico poñerá especial atención en dar a coñecer aos axentes do territorio e aos potenciais promotores de proxecto, os criterios obxectivos polos que se seleccionaran os proxectos, e dicir, os baremos.

PUBLICIDADE

O GDR manterá unha relación continua e directa cos medios de comunicación, especialmente os de ámbito local/comarcal, tanto prensa como radio, co fin de dar a coñecer a opinión pública as actividades que leve a cabo o GDR Ribeira Sacra-Courel de cara a consecución máxima de transparencia.

Esta relación manifestarase a través das seguintes actuacións:

- As reunións da xunta directiva e asembleas do GDR Ribeira Sacra-Courel daranse a coñecer coa suficiente antelación ca indicación do orde do día e os asuntos a tratar.
- O equipo técnico do GDR, en caso de ser requerido, atenderá as consultas e aclaracións que os medios de comunicación estimen oportunas das actividades que desenvolva o GDR
- A finalización das distintas reunións o equipo técnico do GDR remitirá nota de prensa aos medios de comunicación na que se



resumirán os asuntos tratados, os acordos adoptados, e prestarse especial atención en dar a coñecer os diferentes proxectos que se vaian aprobando coa indicación dos investimentos aprobados e as axudas concedidas

Por outra banda, e en relación co programa de xestión, o equipo técnico do GDR velará polo cumprimento dos requisitos de publicidade das actuacións auxiliadas ao abeiro do programa Leader, esixindo a colocación e visualización dos carteis e placas do programa Leader.

IMPARCIALIDADE

Mediante o seguimento do procedemento que o GDR recolla na súa estratexia para evitar os conflitos de intereses, segundo o contido mínimo que se indica no apartado 1 da epígrafe III das bases reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo de 2016), e que afectará, en todo caso aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GDR.

O equipo técnico será o facultado para a aplicación do baremo de cara a valoración dos diferentes proxectos, debendo de motivar e xustificar a puntuación concedida en cada apartado que forma parte do baremo.

O equipo técnico facilitará aos promotores que así o soliciten un informe sobre a puntuación concedida ao seus proxectos, coas correspondentes xustificacións.

Os membros do órgano de decisión do GDR, a Xunta Directiva, deberán ausentarse de participar nos debates e votacións de aqueles proxectos nos que teñan interese directo ou indirecto, por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco, amizade íntima ou inimidade manifesta.



O GDR Ribeira Sacra-Courel para garantir a imparcialidade total do proceso de selección de proxectos aos que se concedan axudas leader, esixirá que, os axentes públicos e privados presentes na reunión e que pertenzan ao concello onde se promove un proxecto susceptible de recibir unha axuda leader, se absteñan de participar nos debates e votacións de aqueles proxectos que se executaran nos seus concellos. Desta forma evitase toda dúbida sobre a concesión das axudas de forma imparcial por parte do GDR, evitando desta forma a existencia de “corporativismo localista”.

LIBRE CONCORRENCIA

O GDR Ribeira Sacra-Courel velará polo cumprimento do criterio de libre concorrancia.

a) Para a selección dos proxectos que se poidan beneficiar das axudas leader, a libre concorrancia quedará garantida na medida en que o GDR, a través da publicidade e difusión do programa, dará a coñecer coa suficiente antelación os prazos para a apertura dos procesos de presentación de solicitudes de axuda ao abeiro do programa Leader.

Ademais, cando a xunta directiva do GDR Ribeira Sacra-Courel acorde a apertura de prazos para a presentación de solicitudes de axuda, darase a oportuna difusión:

- Informarase a totalidade de membros do GDR
- Notificarase aos medios de comunicación, poñendo especial interese na nota de prensa correspondente
- Remitirase nota informativa aos concellos do GDR relativa a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a súa colocación no taboleiro de anuncios municipais.
- Colocarase anuncio, perfectamente visible, no taboleiro de anuncios na sede do GDR.



b) O equipo técnico do GDR para a adquisición de calquera material ou equipamento necesario para o desenvolvemento do traballo na oficina do GDR solicitará varios presupostos, mínimo tres ofertas, xustificando no seu caso a non elección da oferta económica mais vantaxosa.

Non obstante o GDR tentará solicitar autorización a Agader para que este compromiso de solicitar como mínimo tres ofertas, non se aplique para o material funxible da oficina (folios, carpetas, bolígrafos, clips....) ou cando menos que non se aplique ate un determinado importe de gasto (inferior a 300 €). O motivo de solicitar esta autorización para non ter que presentar tres ofertas para todo tipo de gasto, e para facilitar a xestión do día a día da oficina do GDR, por operatividade funcional.

c) Para os procesos de selección do persoal adscrito a xestión do programa Leader, o GDR garantirá a publicidade das bases de selección do persoal mediante o anuncio en prensa na prensa de maior difusión no ámbito do GDR, traslado das bases aos concellos do GDR para a súa difusión nos taboleiros de anuncios correspondentes, e comunicado a Agader para a súa inclusión na súa páxina web.

d) Nos procesos de contratación que leve a cabo o GDR Ribeira Sacra-Courel axustarase ao procedemento establecido pola Ley de Contratos das Administracións Públicas.

TRANSPARENCIA

Materializada, entre outros aspectos, en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que os afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.



O GDR Ribeira Sacra, tamén levará a cabo un proceso continuo de información pública das súas actividades, e facilitará toda canta información sexa requirida dos proxectos e actuacións que desenvolva.

IGUALDADE

O GDR Ribeira Sacra-Courel non dará un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.

NON DISCRIMINACIÓN

de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.

EFICACIA

As actuacións do GDR estarán orientadas orientadas directamente á consecución dos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.

EFICIENCIA

A actuacións do GDR estára orientada de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.



VII.4 PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLICTOS DE INTERESES NOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE AVALIACIÓN E DECISIÓN DOS GDR.

O GDR Ribeira Sacra xa ten recollido nos seus estatutos, artigo 11 letra g, o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GDR. En particular:

a) En cada expediente xuntarase unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto no que se sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.

Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, deberá presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos, amizade íntima ou inimidade manifesta.

b) Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita anteriormente, non poderá participar no proceso de toma de decisión ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.

c) Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto a Agader para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de interese.



d) O GDR, ademais, para evitar suspiciás, e para favorecer a imparcialidade no proceso de avaliación e selección de proxectos esixirá que nos órganos correspondentes non poderán participar no proceso de toma de avaliación ou selección de proxectos os representantes públicos e privados do concello onde se localice o investimento dos proxectos en cuestión.

VII.5 PLAN DE SEGUIMENTO

O GDR Ribeira Sacra-Courel, pola experiencia na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013 por parte do GDR Ribeira Sacra, e a vista da súa xestión favorable da mesma, cuantificada esta a nivel de indicadores polo elevado grado de execución do programa, xunto cos indicadores de nivel de emprego, número de proxectos creados, leva a este GDR Ribeira Sacra-Courel a considerar que a aplicación dun plan de seguimento dos obxectivos do programa agora presentado como se efectuou no pasado debería garantir o seu cometido.

Para realizar un seguimento dos obxectivos marcados coa estratexia, no tocante a número de proxectos, poboación destinataria das accións de formación e animación territorial, empregos creados e mantidos, seguimento de proxectos produtivos e non produtivos, e entre estes últimos entre os promovidos polo sector público e o sector privado, o equipo técnico do GDR deberá informar en cada Xunta Directiva do GDR que se celebre como van ditos indicadores, informando de calquer ritmo anómalo que se puidera detectar para tentar corrixir as accións e medidas do GDR para a súa consecución.

Sen ningunha dúbida o principal indicador que deberá controlar o equipo técnico do GDR e o **nivel de compromiso de fondos** en cada anualidade, que posibilite a completa execución da mesma, sen que se orixine ningunha minoración, salvo os axustes técnicos de peche de expedientes, dos fondos asignados ao programa Leader que se xestionará.



Ao mesmo tempo velarase porque os promotores **executen os proxectos segundo os prazos previstos**, para que o ritmo de execución dos proxectos posibiliten a súa finalización nos prazos establecidos e non comprometan o cumprimento dos obxectivos do GDR de ter un nivel de execución do programa do 100%. (salvo os axustes finais de peche de proxectos).

O equipo técnico do GDR informará ao Presidente de calquera anomalia detectada con calquera proxecto que supoña un risco para o cumprimento da execución da anualidades, para poder tomar as oportunas decisións técnicas e administrativas para anticiparse a ese posible incumprimento por parte do GDR da execución do programa.

Tamén será responsabilidade do xerente manter una dinamización viva do territorio para que a falta de presentación de proxectos poña en risco o compromiso da anualidade. De ser posible deberanse ter presentado mais proxectos que fondos da anualidade, para ter garantido execución da mesma ante calquera eventualidade

Entre os indicadores de seguimento o GDR ten establecido as seguintes variables:

- Realización de polo menos **150 proxectos**, dos cales 64 serán proxectos produtivos e 86 non produtivos (entre eles 12 accións formativas)
- Dos proxectos produtivos (64): **36 serán de particulares, 28 de persoas xurídicas.**
- Dos proxectos non produtivos (86): **61 serán do sector público e 13 do privado, 12 del GDR**
- Creación de **44 novos postos de traballo**, 34 homes dos cales 6 serán menores, e de 12 mulleres das cales 2 serán menores de 30 anos.
- Contribución ao **mantemento de 150 postos de traballo**



- Implicación e dinamización social da poboación do territorio no desenvolvemento dos proxectos de animación territorial desenvolvidos polo GDR: **1500 participantes directos nos proxectos de animación** denominados Puro Placer, envellecemento activo do territorio, sensibilización ambiental-socialización xuvenil, circuito cultural Ribeira Sacra-Courel, Nunca e tarde para coñecer..o mais cercano.
- Realización de **13 accións de catas, degustación e promoción dos produtos agroalimentarios no territorio do GDR.**
- Asistencia a **4 eventos, feiras ou actos de promoción dos produtos agroalimentarios do territorio e do turismo da Ribeira Sacra-Courel fora de Galicia.**
- Realización de **12 accións formativas, nas que participaran 150 persoas**

VII.6 O EQUIPO XESTOR: FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DE CONTROL E SEGUIMENTO DOS PROXECTOS, CON RESPECTO AO PRINCIPIO DE SEGREGACIÓN DE FUNCÍONS IMPOSTO POLA NORMATIVA DO FEADER.

FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES DE XESTIÓN

De acordo (apartado III.1 da estratexia) a estrutura deseñada para a xestión do programa Leader do GDR Ribeira Sacra-Courel, as funcións e responsabilidades de xestión serán os que se describen a continuación.

Recordar, como se sinala no apartado III.1 da estratexia, que debido a experiencia na xestión do programa Leader por parte do GDR Ribeira Sacra-Courel, no que dito programa foi xestionado dunha maneira satisfactoria con dúas persoas (Director-Xerente e un Técnico), para a posta en marcha do programa **inicialmente so contratará a un Director/a Xerente e a un**



Técnico/a, reservando a posibilidade de contratar un administrativo de apoio si fora necesario pola carga de traballo que pode requirir o novo programa Leader, no que as diferenzas de xestión, os proxectos seleccionaranse en concorrencia competitiva e a decisión do GDR de levar a cabo un plan formativo, poden requirir ese persoal administrativo de apoio.

Como se citou, o motivo de inicialmente contratar a dúas persoas e pola experiencia na xestión do anterior GDR Ribeira Sacra-Courel, que posibilitou destinar os remanentes xerados na partida orzamentaria de gastos de xestión para destinar mais recursos para a concesión de axudas aos promotores do territorio.

As expectativas xeradas no territorio na fase de deseño da estratexia apuntan a que o GDR Ribeira Sacra-Courel non terá maiores problemas para a execución do programa finalmente asignado, polo que calquera incremento de fondos para a concesión de axudas que se poidan destinar da partida de gastos correntes serán ben empregados, e amosará o cumprimento de criterios de eficiencia na xestión de recursos públicos por parte do GDR Ribeira Sacra-Courel.

Non obstante, ante a posibilidade de que o GDR reciba o máximo de fondos para a súa estratexia, e ante eses cambios na xestión do programa Leader (concorrencia competitiva para a selección de proxectos e plan formativo), ante a posibilidade de necesitar un administrativo de apoio defínense as tarefas que se encomendarían a este profesional. E no caso de que finalmente non se contrate ese administrativo de apoio, as tarefas aquí descritas, serán repartidas ente o Director/a-Xerente e o Técnico/a.

DIRECTOR/A-XERENTE: como máximo responsable técnico do programa Leader correspóndelle as actuacións de:

- Mobilización, animación e dinamización do territorio para acadar a maior participación da comunidade local e o fomento e xurdimento de proxectos que posibiliten acadar o cumprimento dos compromisos orzamentarios de cada anualidade do GDR



- Promoción e captación de proxectos.
- Maduración de ideas e proxectos para a presentación dunha solicitude de axuda leader.
- Acompañamento aos promotores de proxectos Leader durante todo o proceso de tramitación da axuda leader, tanto para a correcta presentación da documentación como a posterior execución e xustificación dos investimentos aprobados.
- Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela
- Organización, coordinación e supervisión das tarefas encomendadas ao persoal técnico e administrativo adscrito ao programa.
- Garantir unha tramitación dilixente dos expedientes, dende a solicitude de axuda ate a concesión da axuda, e posteriormente de ser aceptada a axuda polo promotor, ate a xustificación dos investimentos aprobados.
- Seguimento e control financeiro do programa Leader
- Realizar un continuo seguimento do grado de execución dos obxectivos da estratexia, para advertir calquera contratempo que imposibilite o cumprimento de ditos obxectivos, e de ser o caso, poder modificar a estratexia para acadar os obxectivos establecidos.
- Dinamizar a poboación activa do territorio para a asistencia aos plans de formación que desenvolva o GDR.
- Representación do GDR segundo as delegacións que lle outorgue a Asemblea Xeral e/ou a Xunta Directiva..
- Asistencia técnica e informativa a Xunta Directiva e Asemblea Xeral do GDR.
- Executar e desenvolver coa máxima eficacia e eficiencia os acordos adoptados pola Xunta Directiva e/ou Asemblea Xeral.



- Coordinar as mesas sectoriais, no caso de que finalmente se constitúan ao estar contemplado nos estatutos do GDR posto que inicialmente o GDR non ten ditas mesas sectoriais constituídas ao non consideralo oportuno os socios do GDR por unanimidade na Asemblea Constituinte.
- Aplicación dos principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência na xestión do programa Leader.
- Cumprimento do plan de difusión do programa Leader do GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Participar activamente, como máximo responsable do programa Leader, nos foros de debate sobre o desenvolvemento rural aos que se solicite a participación do GDR.
- Participar nas redes de desenvolvemento rural provinciais, autonómicas, estatais ou europeas nas que se integre o GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Establecer unha relación fluída e permanente coa Axencia de Desenvolvemento Rural
- Elaborar un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local

TÉCNICO/A EN DESENVOLVEMENTO RURAL:

Colaborará co xerente nas labores de mobilización, animación e dinamización do territorio, maduración de proxectos, apoio aos promotores e apoio técnico para selección de proxectos. Ademais, será o responsable de:

- Elaboración do Informe de Control de Elixibilidade de cada proxecto, para a súa posterior ratificación por parte do Director-Xerente do GDR.
- Análise e valoración de proxectos.
- Asesoramento técnico aos promotores.



- Fiscalización e supervisión da xustificación dos investimentos por parte do promotores das axudas leader concedidas.
- Colaboración coa xerencia na organización, desenvolvemento e execución dos proxectos promovidos polo GDR.
- Implicarse na difusión e publicidade do programa de desenvolvemento rural do GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Control, seguimento e correcta xustificación do plan de formación que desenvolva o GDR.
- Utilización do programas informáticos de xestión do programa Leader e de contabilidade do GDR.
- Calquera outra tarefa da xestión do programa Leader encomendada pola Xerencia.
- Calquera outra tarefa da xestión do programa Leader encomendada pola Xerencia.

ADMINISTRATIVO/A

- Responsable da recepción, rexistro, copia, cotexo e arquivo de toda a documentación do programa Leader.
- Atención telefónica.
- Responsable do servizo de correspondencia do GDR.
- Utilización do programa informático de xestión leader
- Comunicar diariamente a Agader os asentos do rexistro diario do GDR.
- Recepción e cotexo dos documentos xustificativos dos investimentos xustificadas polos promotores dos proxectos aprobados.
- Mantemento e actualización continúa da páxina web do GDR.



SEGUIMIENTO E CONTROL DOS PROXECTOS LEADER

Para o seguimento e control dos proxectos Leader, o GDR Ribeira Sacra-Courel respectará o principio de segregación de funcións imposto pola normativa Feader, distribuindo ditas labores entre o Director/a-Xerente e o Técnico/a.

O levantamento da **acta de non inicio** dos investimentos será responsabilidade do Director/a-Xerente do GDR, e velará por que os investimentos previstos executar polo promotor e que figuran na memoria/proxecto que acompaña a solicitude de axuda non estean iniciados en dito momento.

A finalización dos investimentos por parte dos promotores dos proxectos, será o técnico/a do GDR o encargado/a de levantar a **acta final dos investimentos**, e comprobará a correcta execución dos investimentos a finalización dos mesmos, e a adecuación do executado e certificado ao aprobado na resolución da axuda.

Cada unha destas actas, de non inicio e de finalización dos investimentos, irá acompañada da correspondente acta fotográfica.

Durante o transcurso da execución dos proxectos, o persoal do GDR indistintamente entre o Director/a-Xerente e o Técnico/a aproveitarán os desprazamentos polo territorio, no desempeño das súas tarefas, para visitar, polo menos una vez, cada proxecto aprobado para coñecer o ritmo de execución do proxecto. Estas visitas servirán para coñecer si xorden contratempos na execución dos proxectos que poidan condicionar a xustificación dos investimentos nos prazos aprobados na resolución da axuda e que poñan en risco a execución do programa Leader do GDR para, de ser o caso, poder tomar as medidas correctoras oportunas. Destas visitas tamén se levantará un acta e se documentarán fotográficamente.



Transcorrido un ano dende o comezo do programa, o GDR no mes de xuño o equipo técnico do GDR levará a cabo unha **visita de inspección de seguimento de investimentos** Leader a tódolos proxectos finalizados ate o 31 de decembro do ano anterior. Esta visita será recollida nunha acta de visita de seguimento, e reflexando calquera posible incumprimento dos compromisos asumidos na resolución da axuda, para a súa notificación a Xunta Directiva e posterior comunicación a Agader. A primeira destas visitas será realizada polo persoal do GDR que non realizou a acta de visita final dos investimentos en cada proxecto, e posteriormente iranse alternando os técnicos do GDR nesas visitas de comprobación posterior cada ano.

VII.7 REFERENCIA A SEDE DO GDR

A Sede do GDR Ribeira Sacra-Courel, froito dese apoio na experiencia na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013 por parte do GDR Ribeira Sacra, localízase na antiga sede de dito grupo, sita en territorio elixible do programa leader, en concreto na avda. Galicia s/n en Rubián (Bóveda).

A oficina será sinalizada mediante a colocación dunha placa na que se recolleran o nome do programa Leader, o nome do GDR, o mapa do territorio, o logotipos do GDR e das entidades financiadoras (*Unión Europea-Feader, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, e a Agader* e o lema "*Feader: Europa inviste no rural*").

VII.9 PLAN DE DIFUSIÓN

Uns dos piares da metodoloxía leader e participación dos axentes sociais do territorio, esta esixe que a participación da comunidade local sexa activa tanto no deseño da estratexia (xa documentado no punto II.8 desta candidatura) como na súa execución. Por elo, é necesario levar a cabo dende o GDR Ribeira Sacra-Courel unha ampla labor de difusión que implique e sensibilice aos axentes sociais, institucionais e a poboación en xeral como beneficiarios últimos das axudas leader.



A difusión do programa leader que xestione o GDR Ribeira Sacra-Courel terá como obxectivo o dar a coñecer a estratexia perseguida polo GDR, as liñas de actuación, así como os procedementos administrativos e de xestión para a solicitude e a concesión das axudas.

A experiencia na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013 por parte do GDR Ribeira Sacra, no que acadaron un dos mais elevados índices de execución do programa Leader en Galicia, garante que a estratexia seguida para a difusión do programa Leader no territorio cumpra os seus obxectivos, entre outros acadar esa implicación social da poboación do territorio que se pode plasmar por medio da dinamización e posta en marcha de proxectos no territorio que posibiliten unha plena execución do programa leader.

Por este motivo, o plan de difusión deseñado para o GDR Ribeira Sacra-Courel seguirá as medidas adoptadas polo anterior GDR Ribeira Sacra e como xa sinalamos tiveron éxito, medido este dende o punto de vista do grado de execución do programa.

a) No momento en que o GDR Ribeira Sacra-Courel resulte adxudicatario da xestión do novo programa Leader, o equipo técnico levará a cabo a **elaboración dun manual de axudas** onde se recollan as principais cuestións para a tramitación dunha axuda leader: liñas de axudas, gastos subvencionables, documentación, prazos para presentación de solicitudes, lugar e forma de presentación da documentación, baremo para a selección e priorización de proxectos, porcentaxes de axuda e límites de axuda.

Este manual, ademais de estar dispoñible na sede do GDR e na súa páxina web, remitirase a:

- todos os socios do GDR,
- a Agader para que o teña na súa páxina web
- aos concellos do territorio para que a través dos correspondentes servizos de emprego e orientación laboral o fagan chegar a todos



os que se dirixan a dito servizos, e para que dean contida información del a través do taboleiro de anuncios municipal

- a confederación de empresarios de Lugo, a través da delegación de Monforte de Lemos, ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica, ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e a Asociación provincial de Jovenes empresarios (AJE-Lugo), Asociación Provincial de empresarios de Hostelería de Lugo (delegación Sur) xa que ditas entidades aglutinan a un elevado número de potenciais promotores de proxectos a desenvolver no territorio, e na fase de deseño da estratexia acolleron de bo agrado esta forma de difusión entre os seus asociados das axudas leader do GDR Ribeira Sacra-Courel.

b) O equipo técnico organizará en coordinación cos 13 concellos que forman parte do GDR, ao igual que se realizou para o proceso de deseño da estratexia, **charlas divulgativas** acerca do contido do programa de desenvolvemento do GDR Ribeira Sacra-Courel, e de maneira especial centrado sobre o manual de axudas.

c) O equipo técnico **asistirá as reunións as que sexa convidado** para explicar o programa de desenvolvemento do GDR Ribeira Sacra-Courel. De maneira especial asistirá as reunións, que así o requiran, dos colectivos do territorio, e que así o requiran, para explicar individualmente o programa Leader do GDR e o manual de axudas.

d) Aínda que inicialmente non están establecidas mesas sectoriais no seo do propio GDR, porque así o acordaron na constitución do GDR debido ao baixo número de asociados inicial e a dispersión xeográfica que dificulta as reunións, pero como está recollido nos estatutos do GDR esta posibilidade de organizar mesas sectoriais, de ser finalmente organizadas mesas sectoriais o equipo técnico do GDR **manterá conversas fluídas con representantes das mesas sectoriais** para analizar o grado de desenvolvemento do programa leader e poder corrixir e/ou mellorar



aspectos da xestión do programa que afecten aos sectores e colectivos de cada mesa.

e) Remitirase o manual de axudas do GDR a tódalas **asesorías e xestorías** con presenza nos diferentes concellos do territorio, co obxectivo de que actúen como prescriptores das axudas Leader entre os seus clientes.

f) Remitirase o manual de axudas do GDR as **oficinas principais de zona de cada entidade financeira** con presenza no territorio, para que poidan ter información de primeira man sobre as axudas Leader para que actúen como prescriptores das mesmas entre os seus clientes.

g) Nos primeiros tres meses dende a selección do GDR como beneficiario da xestión dun programa Leader, porá en marcha a súa **páxina web**, onde se poderá acceder directamente ao manual de axudas do GDR, e aos modelos normalizados para a tramitación da axuda Leader.

h) Manterase **reunión anual** con axentes mais importantes do territorio e sobre os que prioritariamente se dirixen as liñas de axuda do GDR: **turismo** (consorcio de turismo da Ribeira Sacra, empresarios de aloxamentos turísticos, empresas de servizos turísticos, xeoparque montaña do Courel, asociación camiños a Santiago), **sector agroalimentario** (CRAEGA, D.O Ribeira Sacra, asociación apicultores, empresarios sector cárnico, asociación olivar, asociación empresarios hostalaría e restauración), **medioambiente** (asociacións protección e conservación medio ambiente, centros escolares, xeoparque, consorcio turismo). O obxectivo destas reunións é para analizar e valorar os proxectos desenvolvidos en cada un desas ámbitos e os que se pretenden desenvolver por parte do GDR para acadar unha complementariedade de actuacións, e ao mesmo tempo unha planificación coordinada das accións a realizar en cada ámbito.



i) En coherencia co compromiso do GDR da publicidade do programa Leader, dende o Grupo manterase unha **comunicación fluída cos medios de comunicación** para:

- nun primeiro momento dar a coñecer a concesión de fondos Leader ao GDR Ribeira Sacra-Courel;
- posteriormente faranse anuncios na prensa para divulgar as liñas de axuda e sobre a aperturas dos prazos para a presentación de solicitudes de axuda.
- Con cada reunión da xunta directiva e/ou asemblea remitiranse notas informativas sobre os principais asunto tratados, e dando conta do ritmo de execución do programa a medida que se vaian aprobando e executando os proxectos.

j) Dentro do plan de formación previsto acometer polo GDR no que está previsto, entre outros, organizar xornadas para o fomento da iniciativa emprendora nos que se exporán exemplos prácticos de iniciativas empresariais que perfectamente se poderían desenvolver no noso territorio, o GDR **utilizará exemplos de iniciativas emprendedoras** xurdidas no territorio e noutros territorios **que foran subvencionados polos diferentes programas Leader**, como forma plausible e crible de que é posible emprender no rural e que as axudas do Leader están ao alcance de toda a poboación que así o soliciten.

